

Monforte de Lemos a 4 de Febreiro de 2010

Estimadas familias:

O motivo da presente é comunicarlles que ata o vindeiro 25 de febreiro está aberto o periodo de **RENOVACIÓN DE PRAZA**, Prégolles que se atean ao prazo marcado, xa que unha vez cumprido este, abrírase, durante todo o mes de Marzo, un novo prazo de admisión para novas matrículas.

Para formalizar a reserva deberán entregar na secretaría do colexio antes do 25 de febreiro as fichas que lles adxuntamos, con especial atención á folia impresa de ordenador, nela constan os datos que temos actualmente, **de ser erróneos ou incompletos, prégolles a súa corrección**, sobre todo os que se refiren ás direccións e teléfonos.

Na traseira da ficha verde figura o importe que ten que aboar ao presentar a renovación, **estes conceptos son voluntarios** e repartense da seguinte maneira:

* 12 € en concepto de cuota de APA (por familia)

* 12 € por seguro voluntario de accidentes (por alumno) para o curso escolar 2010-2011. Poden consultar as condicións da póliza na administración ou na web do colexio: www.escolapiosmonforte.com .

Os riscos que cobre este seguro son complementarios ás coberturas que o seguro de responsabilidade civil obrigatoria do centro non cobre (Rotura de lentes (con parte de accidentes) e dentes, posibilidade de atención en clínicas privadas,...).

Nos cursos de 2º e 3º de ESO hai que engadir **1,20 € por seguro escolar**, esta cantidade é de abono **obligatorio**.

Aproveito para comunicarlles **datas sinaladas** deste trimestre:

15 ao 19 (Ambos inclusives) de febreiro: non lectivos (Entroido).
9 de marzo: OPERACIÓN BOCATA.
19 de marzo: non lectivos (San José).
23 ao 26 de marzo: entrega de notas da 2ª avaliación.
29 de marzo ao 5 de abril (Ambos inclusives): Semana Santa.

Aproveito para informarlles que o vindeiro 12 de febreiro (11:30 h) participaremos nunha **marcha solidaria** en favor dos damnificados polo terremoto de **HAITÍ**. Está organizada polo Concello e colaboraremos tódolos centros de Monforte, consiste en aportar un euro por un dorsal e a marcha terá lugar desde a praza de España ata a praza da Compañía. Durante a vindeira semana os titores facilitarán os dorsais a tódolos interesados.

Sen outro particular, e quedando á súa disposición para calquera dúbida que xurda, reciban un cordial saúdo.

Óscar Blanco
Director do Centro